

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 6 DE SETEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para o ano 2012, por un importe de un millón setecentos trinta e oito mil setecentos sesenta e un euros (1.738.761 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para a execución da obra acondicionamento hidráulico do río Con na rúa Florida, en Vilagarcía de Arousa, de clave OH.436.1004, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do P.O. Feder Galicia 2007-2013, por un importe total de seiscentos tres mil trescentos sesenta e dous euros con corenta e un céntimos (603.362,41 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Carballiño, para finalizar as obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo de Veracruz, por importe de catrocentos trinta e tres mil cento vinte e seis euros (433.126 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Portas para a execución da obra de abastecemento e saneamento no Castro e San Roque, Briallos. Portas (Pontevedra), clave OH.536.950, por importe de cincocentos trinta e cinco mil cincocentos dez euros con setenta e catro céntimos (535.510,74 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat de Barcelona para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil seiscentos sesenta e oito euros con corenta e oito céntimos (62.668,48 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Federal da Bahía para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e un mil oitocentos sete euros con sesenta e oito céntimos (61.807,68 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Ruprecht-Karls-Universität Heibelberg para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta mil euros (50.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa prórroga do Programa Isidro Parga Pondal (nova adjudicación do ano 2009), ao abeiro das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica–Incite (2006-2010) para o ano 2012, por un importe dun millón douscentos trinta e un mil douscentos euros (1.231.200 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a incorporación de persoal investigador (Programa I3) para o ano 2010 (exercicio 2011), por un importe de setecentos setenta e tres mil corenta e seis euros con noventa céntimos (773.046,90 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a construción e o desenvolvemento do Centro de Biomedicina Experimental (Cebega), por un importe total dun millón cincuenta e nove mil catrocentos setenta e oito euros (1.059.478 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o proxecto do Decreto polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.
- Informe sobre situación e actuacións en materia de tesourería.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas outorgadas pola Axencia Galega de Innovación en materia de innovación empresarial.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adquisición, instalación e posta en servizo de equipos enerxéticos, en execución do subproxecto de hospital autosustentable no marco do Proxecto Hospital 2050, cofinanciado pola Unión Europea, a través do Programa operativo Feder Fondo Tecnolóxico 2007-2013, e con destino ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU), por un importe de tres millóns trescentos sesenta e seis mil euros (3.366.000 euros. IVE incluído).
- Informe sobre o novo programa de tuberculose.

XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA GARANTIR A SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- ***Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do corpo nacional de Policía en segunda actividade***
- ***O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina en 2012 un total de 1.738.761 euros para que 203 axentes da Policía nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do corpo nacional de Policía en situación de segunda actividade, e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de xustiza de Galicia.

No convenio fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 203 efectivos: 81 membros do CNP en segunda actividade e 122 gardas civís en situación de reserva. Dos 81 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 72 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a antiga Cámara de Comercio, 9 para o edificio dos xulgados da Parada de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 122 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 52 estarán na Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña -19 na Coruña, 9 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-; 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-; 16 na de Ourense – 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo de Limia e 2 en Verín- e 32 efectivos na Comandancia de Pontevedra – 5 na Audiencia Provincial, 3 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas,

4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 3 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 3 para Tui-.

Doutra banda, o convenio tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas ao día en servizo permanente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 07.30 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso os sábados o horario será de 09.00 a 14.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 9,30 a 14,30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada, de luns a venres, de 7.30 a 15.00 horas.

EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2012 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICAIS GALEGAS (203 funcionarios)

1. Persoal do corpo nacional de Policía en segunda actividade (81 funcionarios)

Equipo de mando (9 funcionarios)

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

Escala básica (72 funcionarios)

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e anexo -antiga Cámara de Comercio-): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios

- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)

Cadro de mando (10 efectivos)

- 1 coronel (*nivel autonómico*)
- 4 capitáns (*nivel provincial*)
- 5 suboficiais (*nivel provincial*)

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos)

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 19 efectivos
- Santiago de Compostela: 9 efectivos
- Betanzos: 4 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos)

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos)

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos

- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (32 efectivos)

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- Estrada (A): 3 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Pontearreas: 2 efectivos
- Tui: 3 efectivos

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO POLO QUE SE EXECUTARÁ O ACONDICIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO CON PARA EVITAR OS ASOLAGAMENTOS DA RÚA FLORIDA, NO CONCELLO DE VILAGARCÍA

- ***Xunta e Concello asinarán un convenio de colaboración que implica un investimento de 603.000 euros***
- ***As actuacións complétanse coa obra complementaria que debe executar por requirimento de Augas de Galicia a empresa construtora do edificio en que se inunda o garaxe***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que se executará a obra de acondicionamento hidráulico do río Con, na rúa Florida.

O importe deste proxecto elévase a case 603.362 euros, dos cales 496.900 euros serán investidos por Augas de Galicia e a parte restante (106.517 euros) serán achegados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.


As actuacións complétanse coa obra complementaria que debe executar por requirimento de Augas de Galicia a empresa construtora do edificio en que se inunda o garaxe.

Coa sinatura deste convenio e a posta en marcha desta actuación darase unha solución a un problema frecuente que son as inundacións en rúas e vivendas debido a que en épocas de choivas o regato existente, afluente do río Con, conduce excesiva cantidade de auga e a súa sección é insuficiente.

Por esta razón, resulta preciso o acondicionamento hidráulico deste regato, co fin de evitar as inundacións anteditas, mediante a construción dunha nova canalización que evacue as augas desde o inicio do canal actual ata as inmediacións da rúa Florida.

Augas de Galicia redactou un proxecto que consiste na canalización do arroio baixo as vías existentes, eliminando os tramos de canais que actualmente discorren baixo edificacións.

Este organismo da Xunta de Galicia será o encargado de licitar as obras e executalas. Non obstante, a empresa construtora do edificio deberá repoñer á legalidade a situación alterada por ter executado obras dentro da zona de policía do río Con, así como pola súa canalización e desvío do curso do regato afluente dese río.



Na imaxe, novo trazado da canalización do regato e localización dos pozos PI, PII e PIII.

Antecedentes

Respecto á parte da canalización actual que transcorre polo garaxe dun edificio, cómpre lembrar que desde que Augas de Galicia tivo coñecemento desta construción se buscou a maneira de cumprir a lexislación vixente. A actitude dos anteriores mandatarios locais e a prolongación do litixio por parte da empresa construtora non facilitou o traballo de Augas de Galicia na busca dunha solución polo ben dos afectados. De feito, a Administración hidráulica chegou a redactar un proxecto para solucionar os problemas de inundacións que sofren os propietarios.

A pesar de que a responsabilidade desta situación é totalmente allea a Augas de Galicia, este organismo do Goberno galego sempre ofreceu negociar unha posible colaboración para este proxecto.

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 430.000 EUROS CO FIN DE REMATAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN E PAVIMENTACIÓN DO CONTORNO DO TEMPLO DA VERACRUZ NO CONCELLO DO CARBALLIÑO

- *O departamento que dirixe Agustín Hernández xa ten achegado máis de 775.000 euros nesta actuación, que ten un orzamento total de 1,2 millóns de euros*
- *Grazas ao novo convenio executaranse as obras necesarias para conseguir que o Concello do Carballiño dispoña dun equipamento en condicións adecuadas ás necesidades da súa poboación e representación urbana de Galicia*
- *A actuación redundará na mellora do espazo público, na modificación parcial dalgunhas das redes de infraestruturas dos servizos urbanísticos existentes e na dotación de redes na vía de nova construción*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración entre o Goberno galego co Concello do Carballiño para realizar as obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo da Veracruz. A finalidade deste acordo é dar continuidade ás obrigas asumidas polo Executivo autonómico no convenio asinado en 2006 e regular o marco xurídico-administrativo entre ambas as administracións. Grazas ao convenio chegarase á execución das obras necesarias para conseguir que o Concello do Carballiño dispoña dun equipamento en condicións adecuadas ás necesidades da súa poboación e representación urbana de Galicia.

O departamento que dirixe Agustín Hernández ten orzado un importe para a execución das obras e das instalacións que ascende a 1,2 millóns de euros, dos que máis de 775.000 xa están executados. A cantidade restante, é dicir, algo máis de 430.000 euros, están nos orzamentos xerais para o ano 2012.

Este convenio regula as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello ourensán, co fin de levar a cabo as actuacións necesarias para rematar as ditas obras, en substitución do acordo asinado o 11 de setembro de 2006, que finalizou a súa vixencia o 31 de decembro de 2011.

Continuidade do compromiso

A continuidade dos compromisos asumidos polas partes nos acordos aos que se fixo referencia anteriormente, o inminente reinicio das obras e o feito de dispoñibilidade de partida orzamentaria adecuada permiten rematar as obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo da Veracruz dentro de núcleo urbano.

As obras teñen como base o acondicionamento do contorno do templo de Veracruz, situado no Carballiño. Os traballos céntranse en mellorar e cualificar o contorno do templo e construír unha nova rúa, a rúa Antonio Palacios, así como a mellora do trazado e a aliñación da rúa dos Canteiros. Estas dúas vías, xunto coa de Evaristo Vaamonde,

delimitarán o recinto do ámbito do templo. Tamén se fixa o acondicionamento do propio contorno do edificio, co tratamento superficial e a incorporación de árbores e de vexetación.

Este tipo de actuacións redundarán na mellora do espazo público, na modificación parcial dalgunhas das redes de infraestruturas dos servizos urbanísticos existentes e na dotación de redes na vía de nova construción.

A XUNTA MELLORARÁ O ABASTECIMENTO E O SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DO CASTRO, SAN ROQUE E BRIALLOS, NO CONCELLO DE PORTAS

- ***O departamento que dirixe Agustín Hernández investirá o 50% do orzamento necesario para a execución deste proxecto, cuxo importe se eleva a case 540.000 euros***
- ***Será necesario instalar 2,5 quilómetros de rede, así como a colocación dunha nova depuradora compacta para garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación***
- ***Na actualidade, a rede de saneamento de Portas é na súa maior parte separativa e, a pesar de que existen tres estacións depuradoras en funcionamento e outras que están executadas, e coas súas respectivas redes, non están conectadas por mor da falta de conexión dos colectores***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Portas, para a execución das obras de abastecemento e saneamento en Castro, San Roque e Briallos. O investimento deste proxecto de mellora da infraestrutura hidráulica é de case 540.000 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega un 50%. A porcentaxe restante será asumida polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, xa que forma parte do programa para a execución, o seguimento e a avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Así, este proxecto recolle as actuacións necesarias para dotar aos núcleos do Castro e San Roque das infraestruturas necesarias para o saneamento, recollendo pola súa vez as augas residuais dos lugares do Outeiriño e Cima de Vila.

Na actualidade, a rede de saneamento do Concello de Portas é na súa maior parte separativa, sendo de PVC, o seu diámetro vai desde os 200 mm aos 350 e existen tres estacións depuradoras que están en funcionamento e outras que están executadas e coas súas respectivas redes, pero que non están conectadas por mor da falta de conexión dos colectores.

No que respecta ao abastecemento, este resólvese mediante captacións individuais, polo, que aproveitando a apertura de gabias, adecuarase a rede de abastecemento e dotaranse aos núcleos doutros servizos como a iluminación.

Con este tipo de proxectos garántese a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación, neste caso aos máis de 3.000 veciños de Portas, e dótanse estas zonas dunha rede de abastecemento, co fin de evitar perdas de auga.

Traballos que se van executar

Para a instalación desta rede de abastecemento e saneamento será necesario instalar case 800 metros (m) de PVC dun diámetro de 315 mm para a rede de saneamento de fecais, coa disposición dos seus respectivos pozos de rexistro; tamén outros 800 metros (de 400 mm de diámetro) para a rede de saneamento de pluviais, coa disposición dos seus respectivos sumidoiros; serán necesarios case 750 metros máis, cun diámetro de 75 mm, para a rede de abastecemento; e, por último, a instalación dunha depuradora compacta, soterrada, para 300 habitantes, que levará unha arqueta de pretratamento, un filtro biolóxico e un sistema de decantación, unha arqueta de saída e un conduto de vertedura, de 88 m (en PVC de 250 mm). Este sistema hidráulico tamén disporá dun canal Parshall para medida de caudais e un valado metálico no perímetro de 1,5 m de altura.

CULTURA E EDUCACIÓN ASINA CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES DE BARCELONA, BAHÍA E HEIDELBERG PARA A PROXECCIÓN, O ENSINO E A INVESTIGACIÓN DA LINGUA GALEGA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura destas colaboracións para tres cursos académicos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria daralle continuidade nos tres próximos cursos académicos á proxección da lingua galega na Universitat de Barcelona, na Universidade Federal de Bahía (Brasil) e na Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña), a través da sinatura de acordos de colaboración para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

Para iso, o Consello da Xunta autorizou a sinatura destes convenios, cos que se amplía a colaboración, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con estes centros de estudos superiores para posibilitar a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas durante os tres próximos cursos académicos.

Docencia e actividades

Ao abeiro deste marco de colaboración, as universidades incluírán no seu plan de estudos unha importante oferta académica que lle permitirá ao seu alumnado cursar materias de lingua, literatura e cultura galegas.

En concreto, a Universitat de Barcelona ofertará estas ensinanzas nos dous graos en linguas e literaturas modernas, lingüística, filoloxía románica e en estudos literarios; mentres que a Universidade Federal de Bahía o fará nos plans de estudo do Centro de Estudos da Lingua e Cultura Galegas do Instituto de Letras. Pola súa banda, a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg incorporará estas materias nos plans de estudos das facultades de Linguas Románicas e de Tradución e Interpretación.

Ademais, estes convenios recollen a organización de diversas actividades relacionadas coa investigación, coa promoción e coa difusión do galego, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., que se levan a cabo tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Preto de 2.000 alumnos e alumnas

O encargado de levar a cabo as iniciativas que se recollen no convenio será un profesor-lector ou lectora de galego, que nomeará a Secretaría Xeral de Política Lingüística por un período inicial dun ano, coa posibilidade de renovación ata completar unha estadía máxima de tres.

Con este tipo de convenios, a Xunta de Galicia posibilitará que, no curso académico 2012-2013, preto de 2.000 alumnos e alumnas estuden lingua e cultura galegas en

universidades de Alemaña, Arxentina, Brasil, Cuba, Croacia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Uruguai.

A creación destes centros de estudos galegos enmárcase, desde o punto de vista normativo, na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Así mesmo, a convocatoria de prazas nos lectorados destes centros responde a un dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega fixados no ámbito da proxección exterior, que incide en “consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico”.

CULTURA E EDUCACIÓN COMPROMETE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTINUACIÓN DA FORMACIÓN E A INCORPORACIÓN ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS DE 24 INVESTIGADORES DOS PROGRAMAS ISIDRO PARGA PONDAL E RAMÓN Y CAJAL

- ***Desta forma, a Consellería volve pór de manifesto a súa aposta pola investigación e a innovación como motor de desenvolvemento de Galicia***
- ***Con eles, continúanse a respectar os compromisos adquiridos no antigo Plan INCITE***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará máis de 2 millóns de euros para prorrogar os contratos de 18 investigadores do programas Isidro Parga Pondal (ano 2009) e a facilitar a incorporación ás universidades do SUG de 6 investigadores do Programa Ramón y Cajal. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que deu luz verde á convocatoria das prórrogas das axudas que se inician en 2012 do Programa Isidro Parga Pondal, co fin de darlle continuidade á contratación de doutores cunha formación posdoutoral contrastada nas universidades do sistema universitario de Galicia. Así mesmo, aprobouse a concesión de axudas á USC e á UVigo para a incorporación de persoal investigador Ramón y Cajal, no marco do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3) - xestionado polo Ministerio de Economía e Competitividade-.

Parga Pondal

De acordo coa aprobado, a Consellería achegará 1.231.200 euros ás tres universidades galegas, para que prorroguen os contratos en vigor subscritos coas persoas seleccionadas no Programa Isidro Parga Pondal da convocatoria de 2009.

En total, serán 18 os investigadores que poidan optar á prórroga, dun máximo de dous anos. Deles, 9 pertencen á Universidade de Santiago de Compostela, 7 á Universidade de Vigo e 2 á Universidade da Coruña.

Programa I3

Respecto dos 6 investigadores vencellados ao Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3), o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará un total de 773.046,90 euros para fomentar a incorporación estable destas persoas cunha traxectoria investigadora destacada ás universidades do SUG.

A achega cubrirá, en concreto, a contratación de 5 investigadores na USC e 1 na UVigo por un período de 3 anos, cunha retribución equivalente á dun profesor titular de universidade.

Aposta pola investigación

Deste xeito, a Consellería dá cumprimento ao establecido no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2005-2010 (INCITE) que, aínda que xa non está en vigor, recollía a posibilidade de convocar a prórroga do programa Isidro Parga Pondal para a concesión de 2009. Neste sentido cómpre lembrar que a Consellería xa prorrogou en 2011 os contratos a outras accións formativas encadradas no INCITE, tales como as axudas a contratos predoutorais de formación en universidades do SUG concedidos en 2009, María Barbeito; as axudas á incorporación de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D en universidades do SUG concedidos en 2009, Isabel Barreto; e as propias axudas á contratación de doutores en universidades do SUG concedidos en 2008, Isidro Parga Pondal. Unha convocatoria á cal puideron acollerse ata 115 investigadores e á cal a Consellería achegou máis de 3,6 millóns de euros.

Neste sentido, estas novas accións son unha manifestación máis da aposta do departamento educativo da Xunta de Galicia pola I+D, na procura dun crecemento para Galicia fundamentado no coñecemento e na innovación e, polo tanto, sustentable. Desta forma dáse ademais continuidade ao labor científico que os investigadores galegos están a desenvolver, evitando que teñan que buscar saídas laborais fóra de Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN COLABORARÁ COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA IMPULSAR O CAMPUS VIDA COA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE BIOMEDICINA EXPERIMENTAL

- ***A Consellería achegará máis de 1 millón de euros para este proxecto***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará á Universidade de Santiago de Compostela (USC) 1.059.478 euros para impulsar a construción do Centro de Biomedicina Experimental (Cebega), un dos que conforman a Rede de Centros Singulares de Investigación, proxectados no marco do Campus de Excelencia Internacional 'Campus Vida', co fin de consolidar un polo académico e científico de referencia internacional.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do acordo coa USC para contribuír á construción deste centro, orientado a centralizar e satisfacer a demanda de animais de laboratorio de calidade, definidos sanitaria e xeneticamente, así como de infraestruturas singulares para a realización das máis avanzadas técnicas de experimentación biomédica baseada en modelos animais.

Polo de referencia

O centro prestará servizo a todos os axentes do bioclúster integrados no Campus Vida, e particularmente a grupos de investigación universitaria das tres universidades, centros hospitalarios de Galicia, organismos públicos de investigación e o sector empresarial no ámbito da biomedicina e da biotecnoloxía. As instalacións situaranse no contorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

A través deste convenio, a Consellería dá unha nova mostra do seu compromiso coa formación de investigadores e profesionais de alto nivel nas universidades galegas. En concreto, contribúese a favorecer que o Campus de Excelencia Internacional 'Campus Vida' da USC avance na súa decidida vocación de se converter nun dos primeiros clústers biotecnolóxicos a nivel europeo. O Cebega xúntase ao Hospital Veterinario Rof Codina e ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para completar a infraestrutura de investigación do SUG nesta materia.

A XUNTA CULMINA O PROCESO ADMINISTRATIVO PARA CREAR A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

- ***O Goberno galego envía o decreto de constitución ao Consello Consultivo para que emita o seu informe***
- ***A nova axencia comezará a operar en xaneiro de 2013, modernizará a Administración tributaria e mellorará a eficacia na prevención e loita contra a fraude fiscal***
- ***A reordenación e centralización de competencias aforrará 15 millóns de euros en catro anos sen eliminar servizos aos contribuíntes***
- ***Aglutinar nun único organismo todas as funcións tributarias mellorará a eficiencia e permitirá incrementar a recadación***
- ***Potenciaranse a especialización do persoal e as novas tecnoloxías para aumentar a calidade e cantidade da asistencia aos contribuíntes***

O Goberno galego finalizou o proceso administrativo para poder crear a Axencia Tributaria de Galicia, un trámite que comezou hai algo máis de tres meses, polo que enviará de inmediato o decreto polo que se crea este organismo e se aproba o seu estatuto ao Consello Consultivo para que emita o seu correspondente informe antes da súa aprobación definitiva por parte do Executivo autonómico.

Así o recolle un informe da titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, presentado ao Consello da Xunta, no cal se reafirma xaneiro de 2013 como a data para comezar a operar a nova axencia, que permitirá mellorar a eficacia na xestión e recadación, así como na loita contra a fraude fiscal.

A constitución deste organismo leva consigo un proceso de reordenación e centralización de competencias que modernizará a Administración tributaria sen afectar a prestación dos servizos aos contribuíntes. Será de maneira progresiva e levará a un aforro de 15 millóns de euros nos vindeiros catro anos.

Cando estea concluído, o novo organismo aglutinará todas as funcións tributarias, a xestión, a inspección e a recadación. O cambio na filosofía de actuación prevé dúas liñas principais de actuación, a información e asistencia ao contribuínte, así como o control do cumprimento tributario.

Outros obxectivos da nova axencia son mellorar a calidade e a cantidade dos servizos ofertados aos contribuíntes, potenciar as novas tecnoloxías para reducir ao mínimo a burocracia e contar con persoal especializado.

Desta maneira, afondará nas liñas de actuación xa iniciadas pola Consellería de Facenda e, grazas ás posibilidades que ofrecen os avances tecnolóxicos, fortalecerá o control do cumprimento tributario fomentando tanto a prevención como a loita contra a fraude tributaria.

Para iso, non só buscará detectar o incumprimento, senón que levará a cabo actuacións tendentes a inducir o pagamento voluntario, facéndoo doado e económico, ademais de aumentar a percepción de risco en caso de incumprimento. De forma paralela, promoverá accións de concienciación e sensibilización, a prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte e calquera outra, que, de modo directo ou indirecto, vaian encamiñados a fomentar o cumprimento voluntario das obrigas fiscais por parte dos cidadáns.

No eido das novas tecnoloxías, a intención é potencialas para reducir ao mínimo a burocracia e permitir un aforro de tempo e custos ao cidadán. Desta maneira, promoverase a simplificación de procedementos na presentacións de documentación e nos pagamentos; ademais de facilitar a información e asistencia necesarias para acadalo.

O Executivo galego xa habilitou un procedemento telemático que lle permite ao contribuínte cumprir a totalidade dos trámites que ten que realizar, desde o outorgamento do documento notarial ata a inscrición no correspondente rexistro (da Propiedade, Mercantil...) do acto ou negocio xurídicos, logo do pagamento e da presentación do correspondente imposto.

Un dos obxectivos prioritarios da Axencia Tributaria será mellorar o servizo de información e asistencia ao contribuínte para facilitar ao máximo o cumprimento das obrigas tributarias e así reducir o custo fiscal indirecto. Nesta liña, hai que considerar tamén o futuro contribuínte, ante o cal son fundamentais as accións de educación cívico-fiscal.

Para acadar unha axeitada visibilidade das funcións de asistencia ao cidadán, procederase á súa separación das funcións de xestión tributaria, nas cales está actualmente incluída, o que pola súa vez permitirá mellorar a eficiencia e eficacia nas actuacións de control extensivo. Para iso, créase un Área de Información e Asistencia, na esfera central, e os departamentos de Información e Asistencia nas delegacións.

Por outro lado, prevé a creación dun servizo de atención telefónico e de postos de atención continuada (PAC), que funcionarían mediante cita previa co obxecto de facilitar os desprazamentos dos contribuíntes, minorando os posibles tempos de espera.

En canto á especialización, a distribución do persoal por áreas funcionais que ofrece a creación da axencia virá acompañada dunha maior especialización do persoal, potenciando as escalas superior e técnica de finanzas. Igualmente o novo organismo contará cun plan de obxectivos, composto por unha serie de indicadores, que supoñen o reflexo das estratexias globais da organización e que permiten aos diferentes responsables examinar con axilidade e seguridade o nivel de cumprimento.

Reordenación de competencias mantendo o nivel de servizo aos cidadáns

A proposta da Xunta de Galicia é reordenar as competencias das oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH) para mellorar a eficiencia e a especialización, ademais de aforrar custos e seguir mantendo o nivel de servizo aos cidadáns.

Así, a intención é manter esta rede de oficinas para a presentación de documentos e evitar desprazamentos, que se limitarían tan só aos supostos de existencia dun procedemento de comprobación posterior, algo que se pretende minimizar mediante a mellora da información e asistencia, de forma que se lle proporcione ao contribuínte un medio exacto para o coñecemento previo da carga fiscal que a Administración exige.

Ademais, o Goberno galego considera máis adecuado que os procedementos de xestión tributaria, así como as actuacións de información e asistencia, en relación co imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, sexan desenvolvidos polos funcionarios seleccionados e formados propiamente para ese labor, funcionarios pertencentes ás escalas de finanzas da Consellería de Facenda.

A XUNTA DE GALICIA PRIORIZA OS PAGAMENTOS PARA ACHEGAR LIQUIDEZ A AUTÓNOMOS, PEMES E ENTIDADES SOCIAIS

- *O Goberno galego formalizou en agosto pagamentos adicionais por 150 millóns de euros*
- *Actualizou os compromisos con organismos sociais e todas as facturas de pequenos provedores*
- *Neste momento a Xunta está a atender os seus compromisos nunha media inferior aos 50 días*

A Xunta de Galicia priorizou no mes de agosto os pagamentos aos autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de chegar a este colectivos liquidez nun momento en que están a sufrir dificultades por mor da crise económica.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no que se indica que durante o mes de agosto o Executivo autonómico formalizou pagamentos adicionais por 150 millóns de euros a entidades sociais e a pequenos provedores.

En concreto, o Goberno galego actualizou a principios de mes pagamentos de carácter social e acaba de formalizar outros máis de 4.000 en facturas de pequenos provedores.

O Executivo galego segue a ser unhas das administración que está a pagar con maior axilidade e neste momento está atendendo os seus compromisos nunha media inferior aos 50 días.

Hai que lembrar que Galicia foi a única comunidade autónoma de réxime común que non se acolleu ao mecanismo especial habilitado polo Goberno central para o pagamento de provedores e que tampouco ten previsto adherirse al Fondo de Liquidez Autonómico que porá o Executivo español a disposición das autonomías.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA A INNOVACIÓN EMPRESARIAL COA CONCESIÓN DE MÁIS DE 200 AXUDAS QUE SUPOÑEN A MOBILIZACIÓN DE PRETO DE 30 MILLÓNS DE EUROS

- ***O investimento público ascende a case 10 millóns de euros, destinados a cofinanciar 117 proxectos empresariais de innovación tecnolóxica, así como a preparación de propostas a convocatorias estatais e internacionais, o desenvolvemento das plataformas tecnolóxicas galegas e o financiamento de recursos específicos para impulsar a actividade innovadora das empresas***
- ***O 85% das empresas beneficiarias son pemes interesadas en mellorar a súa capacidade competitiva a través de iniciativas innovadoras***
- ***As axudas serán xestionadas por primeira vez pola Axencia Galega de Innovación, creada o pasado mes de abril por iniciativa da Consellería de Economía e Industria***

A Consellería de Economía e Industria informou no Consello da Xunta de Galicia, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015, da concesión de 203 axudas para o fomento da innovación en Galicia, que suporán a mobilización total de preto de 30 millóns de euros grazas ao investimento público de case 10 millóns.

Estas subvencións, publicadas hoxe no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), foron adxudicadas ao abeiro do Programa de apoio ao crecemento empresarial (ACE) e do Programa de investimentos innovadores para o crecemento empresarial (IICE). As axudas serán executadas pola Axencia Galega de Innovación e estarán centradas en fomentar a I+D+i empresarial e incentivar os investimentos innovadores, especialmente entre as pemes, que representan o 85% das empresas beneficiarias destes apoios.

A maior partida económica correspóndelle ao Programa de apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial (ACE), que adxudica axudas por un total de 6,6 millóns de euros. Dentro deste programa, o núcleo central son os apoios a empresas para levar a cabo proxectos individuais e colaborativos de innovación tecnolóxica en materia de proceso ou produto, loxística e xestión. Estas aglutinan 117 proxectos, 113 deles levados a cabo por pemes.

Estas axudas teñen como fin incrementar a competitividade das empresas galegas industriais e de servizos mediante o estímulo da innovación en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. As innovacións foron seleccionadas por acreditar unha novidade ou mellora substancial con respecto ao xa existente no seu ámbito e comportar un grao evidente de risco. Nos proxectos presentados as axudas acadan o 35% do custo subvencionable para pequenas empresas e o 25% para empresas medianas. Nos presentados por grandes empresas, limítanse ao 15% do custo subvencionable.

Convocatorias estatais e internacionais

Este mesmo programa (ACE) complétase con axudas para a preparación de propostas de proxectos para presentar en convocatorias de I+D+i estatais e internacionais, concedidas a 44 empresas (36 delas pemes). As solicitudes que se van presentar grazas a estas subvencións correspóndense con 16 proxectos internacionais e 28 nacionais, todos eles de carácter colaborativo entre diferentes axentes do sistema galego de innovación. As subvencións cubrirán a presentación de propostas de proxectos de I+D a programas do Plan Nacional, así como de solicitudes a programas internacionais, en particular o VII Programa Cadro, o Programa CIP e os proxectos bilaterais e multilaterais do Centro de Desarrollo Tecnolóxico Industrial (CDTI), que serán en todos os casos desenvolvidos principalmente no ámbito territorial de Galicia.

Axudas a clusters e centros tecnolóxicos

Ademais, por medio do programa ACE, destináronse axudas aos centros tecnolóxicos e clusters empresariais para o desenvolvemento das plataformas tecnolóxicas existentes en Galicia. Por medio desta liña, promoverase o desenvolvemento de 13 plataformas con base en proxectos de cooperación no marco da axenda estratéxica de investigación definida por cada unha delas. Estes proxectos supoñen a participación en programas estatais e internacionais de I+D+I por parte das empresas e doutras entidades adheridas a estas plataformas.

Mellorar a competitividade das pemes

A mellora competitiva das empresas, especialmente das pemes mediante o incremento da súa capacidade tecnolóxica e innovadora, é tamén obxecto destas axudas, ao amparo do Programa de Investimentos Innovadores para o crecemento empresarial (IICE). Esta liña de apoio está destinada a facilitar o financiamento de recursos materiais específicos por parte das 29 empresas beneficiarias para desenvolver proxectos de innovación destinados a poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos. As porcentaxes de subvencións van do 50% para as pequenas empresas, ao 30% no caso das cinco grandes.

As empresas seleccionadas céntranse na creación de novos centros produtivos e a ampliación dos xa existentes, coa finalidade de desenvolver novos produtos e procesos. Tamén na diversificación da produción de cara a atender mercados de produtos novos e na transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción, así como na dotación de departamentos de I+D+I para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora.

Todas estas axudas enmárcanse no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015 da Xunta de Galicia, en relación aos eixos estratéxicos de innovación como motor de crecemento empresarial e de valorización do coñecemento.

A XUNTA DESTINA 3,3 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE EQUIPOS ENERXÉTICOS PARA O PROXECTO HOSPITAL 2050

- ***Con este equipamento xerárase ata o 100% das necesidades de calor, o 41% das de frío e o 67% das de electricidade***
- ***Permitirá decidir en cada hora do ano que fonte enerxética usar en función dos criterios económicos e ambientais, así como dispoñer dunha maior redundancia e seguridade na subministración enerxética***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente para a contratación, instalación e posta en servizo de equipos enerxéticos na execución do proxecto Hospital 2050 no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, por un importe de 3.336.000 euros.

Con este concurso xa se licitaron en total máis de 9 millóns de euros dos proxectos H2050 e Innova-Saúde. Este concurso de instalación enerxética é o segundo realizado no marco do Hospital 2050, logo da redacción do proxecto (xa licitado). O terceiro será o concurso de servizos xerais e xestión enerxética e finalmente, a construción do novo edificio.

Desta forma, trátase de crear un hospital autosustentable referencia nacional desde o punto de vista enerxético, aproveitando os recursos naturais e locais dispoñibles, complementándoo con mecanismos para a subministración das redes enerxéticas externas dunha forma eficiente.

Ademais, con este equipamento autoxerárase ata o 100% das necesidades de calor, o 41% das de frío e o 67% das de electricidade, complementándose ata a totalidade das necesidades enerxéticas do CHUO coa subministración desde redes externas de electricidade.

Con esta iniciativa contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego reducindo o custo da subministración enerxética, ademais de promover o respecto ao ambiente mediante actuacións de eficiencia na xestión enerxética e uso de fontes enerxéticas renovables e locais, evitándose máis dun 88% das emisións de CO₂ á atmosfera.

Uso de sistemas de alta eficiencia na transformación enerxética

No hospital usaranse sistemas de alta eficiencia na transformación enerxética como son a coxeneración con ORC e a absorción. A primeira usa calor de alta temperatura para xerar electricidade e aproveita a calor sobrante para quentar o edificio; e a segunda é un sistema para arrefriar auga que utiliza como fonte a calor sobrante da coxeración, da biomasa e da solar.

Ademais, este novo modelo enerxético permitirá decidir en cada hora do ano que fonte enerxética usar en función dos criterios económicos e ambientais, así como dispoñer dunha maior redundancia e seguridade na subministración enerxética.

Esta iniciativa supón pasar dun modelo tradicional de subministración de enerxía – eléctrica e térmica-, exclusivamente desde redes externas, a outro onde se prima o uso de fontes renovables e locais como son a solar fotovoltaica, a térmica e a biomasa.

SANIDADE ACTUALIZA O PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DA TUBERCULOSE PARA ADAPTALO Á SITUACIÓN ACTUAL

- ***O obxectivo é acadar unha incidencia menor de 20 casos por 100.000 habitantes***
- ***O número de casos novos anuais reduciuse en quince anos de 1.994 a 784, o que supón que os custos derivados do seu tratamento diminuíron desde 5,2 millóns anuais a 2 millóns***
- ***O Programa foi elaborado coa participación dos profesionais das Unidades de Prevención e Control da Tuberculose do Sergas***
- ***Hoxe envíase a primeira instrución aos profesionais dentro das actuacións desta iniciativa***

A Consellería de Sanidade actualizará o Programa galego de prevención e control da tuberculose para o período 2012-2015, para adaptalo á situación actual, co obxectivo de acadar unha incidencia menor de 20 casos por 100.000 habitantes.

Desde a posta en marcha do 1º Programa galego de prevención e control da tuberculose no ano 1996, a incidencia da tuberculose na comunidade descendeu de forma progresiva e constante. Así, o número de casos novos anuais reduciuse en quince anos de 1.994 a 784, o que supón que os custos derivados do seu tratamento diminuíron desde 5,2 millóns anuais a 2 millóns.

Neste sentido, o anterior programa partía dunha situación desfavorable respecto da incidencia da enfermidade tuberculosa, polo que os seus esforzos estaban dirixidos cara á detección, ao diagnóstico e ao tratamento correcto de todos os casos da enfermidade tuberculosa.

Coa súa actualización potenciáronse as unidades de Prevención e Control da Tuberculose (UTB), converténdose en unidades de referencia para o diagnóstico, seguimento e tratamento de todos os enfermos e infectados de tuberculose. Así, unha reestruturación dos recursos e a definición dos procesos permitirán convertelas en consultas sen demora e evitaranse os ingresos innecesarios por tuberculose.

A actualización do Programa foi elaborada coa participación dos profesionais das Unidades de Prevención e Control da Tuberculose do Servizo Galego de Saúde.

Protección da saúde pública

A tuberculose é un problema de saúde pública, dado que se trata dunha enfermidade contaxiosa por vía aérea e un enfermo sen tratar implica risco de transmisión da tuberculose ao resto da comunidade, polo que se se consegue realizar o diagnóstico o máis rápido posible e poñer a todos os enfermos baixo tratamento reducirase este risco.

Ao mesmo tempo, se se estudan todas as persoas que estiveron en contacto cun caso de tuberculose contaxiosa e se tratan aquelas que están infectadas, evitarase que estas desenvolvan a enfermidade nun futuro.

Unha vez conseguido isto, Galicia está en condicións de avanzar na loita antituberculosa, potenciando os estudos das persoas que estiveron en contacto cun enfermo de tuberculose, dos colectivos de maior risco de enfermarse unha vez infectados e dos casos de tuberculose en persoas con estilos de vida non normalizados, como poden ser os inmigrantes irregulares. Desta maneira, Sanidade implementa programas de protección da saúde pública co obxectivo de protexer a saúde colectiva da poboación ante as enfermidades transmisibles ao romper a cadea de transmisión da doenza.

Instrución aos profesionais

Neste sentido, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde remitirán aos seus profesionais unha instrución para informalos sobre a actualización deste programa. Nela indícase, entre outros asuntos, que as persoas pertencentes a colectivos de especial vulnerabilidade e sen acceso aos cuidados que ofrece o sistema sanitario público, como poden ser os inmigrantes irregulares, e acudan a un centro sanitario do Sergas serán derivadas á UTB de referencia cando haxa sospeita de infección pola enfermidade.

Por razóns de saúde pública, tamén serán derivados ás UTB as persoas que formen parte dun estudo de contactos dun colectivo escolar ou laboral e dispoñan de seguros sanitarios privados, sen prexuízo de que se lle poidan trasladar os gastos derivados ás ditas aseguradoras cando así proceda.

Nas UTB garantírase o diagnóstico, o tratamento e o seguimento dos infectados ou enfermos de tuberculose ata constatar a súa curación. Ademais, estas unidades comunicarán o caso -a través dos traballadores sociais do programa- aos servizos de admisión, que abrirán un número de historia clínica para facilitar a continuidade da atención.

Propagación da infección

A tuberculose é unha enfermidade causada polo *Mycobacterium tuberculosis*, bacilo que se propaga dunha persoa a outra a través do aire. A doenza xeralmente afecta os pulmóns, pero tamén pode atacar outras partes do corpo, como os ganglios linfáticos, o cerebro, os riles, a columna vertebral, etc.

Cando unha persoa con enfermidade tuberculosa contaxiosa tuse ou esbirra, expulsa ao aire núcleos de gotiñas que conteñen o *Mycobacterium tuberculosis*. Se outra persoa inhala o aire que transporta estes núcleos de gotiñas, pode adquirir a infección; non obstante, non todas as persoas infectadas polos bacilos da tuberculose enferman.

Deste xeito, existen dous pasos sucesivos dentro do mesmo proceso: a infección tuberculosa e a enfermidade tuberculosa. A primeira detéctase mediante a proba cutánea da tuberculina: as persoas infectadas non teñen síntomas e non son contaxiosas, pero se non reciben un tratamento preventivo están en risco durante toda a súa vida de desenvolver a doenza.

No que atinxe á enfermidade tuberculosa, habitualmente as persoas que a desenvolven teñen síntomas, poden ser contaxiosas e poden transmitir os bacilos a outras persoas. Precisan un tratamento prolongado con varios fármacos, xeralmente de 6 meses de duración.